



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Anuncio de aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora das taxas no Mercado municipal de Abastos

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 19 de xuño do 2025 adoptou, entre outros, o acordo seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 11 do Concello de Carballo, reguladora das taxas pola concesión de postos e a prestación de servizos no Mercado Municipal de Abastos, tan só no relativo á tarificación e regulación da venda ambulante que se realiza xunto coas feiras e mercados tradicionais na Praza do Concello, consistente en dar nova redacción aos artigos 6.3 e 7 da vixente Ordenanza.

2º.- Proceder á exposición pública do acordo de modificación da devandita Ordenanza durante un prazo de 30 días hábiles, a contar desde a inserción do anuncio da súa aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, para a interposición de alegacións. De non se teren presentado alegacións, a modificación da Ordenanza considerarase tacitamente aprobada, sen necesidade de novo acordo plenario, e entrará en vigor, unha vez publicado o anuncio de aprobación definitiva da mesma, xunto co texto íntegro da modificación operada na Ordenanza, ao día seguinte ao da publicación do texto da modificación operada no Boletín Oficial da Provincia.

Transcorrido o devandito prazo, segundo anuncio no B.O.P n.º 121, do 27/06/2025, sen que conste se teñan formulado alegacións, procede, por tanto, en cumprimento do establecido no art. 17.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, inserir anuncio co texto completo das modificacións operadas na dita Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, coa inserción do texto completo da Ordenanza modificada, que entrará en vigor, segundo o previsto no acordo antedito, ao día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no B.O.P

Texto das modificacións operadas na Ordenanza:

«ART. 6.3: Cota tributaria para a venda ambulante na praza pública:

[...]

Sobre da base imponible aplicarase una tarifa única de 28,321878 €/m2 ao ano.»

«ART. 7.- Devengo.

[...]

c) A taxa por venda ambulante na praza pública devéngase a partires do día en que se autorice a súa ocupación, por se tratar dunha reserva de espazo que impide a utlización ou atribución a un terceiro. Só procederá o rateo de cotas, por trimestres naturais, no suposto de alta ou baixa.»

Carballo, 13 de agosto do 2025.

A ALCALDESA acctal.,

(Por Dto. n.º 2084/2025, do 23/07/2025)

María Belén Lendoiro Esmorís

2025/5412